

FOLIADA DA MEMORIA

Homenaxe á música represaliada



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



0 pasado por vir

QUEN SOMOS?

A **Foliada da Memoria** está organizada polo departamento de Memoria Histórica, organismo adscrito ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, que ten como obxectivo **investigar** e sobre todo **divulgar** o que supuxo a ditadura franquista para a provincia, así como **homenaxear** as vítimas da represión e as súas familias.

Queremos chegar a todos os sectores da poboación e nomeadamente á xente moza, por iso buscamos linguaxes e fórmulas alternativas como a banda deseñada, o teatro ou a música. Queremos, ademais, pór o acento sobre as ideas e as biografías das persoas represaliadas, e non só sobre o seu martirio. Por iso, o noso programa principal denomínase “O pasado por vir” e busca contar como era esa sociedade de principios de século que o franquismo desbaratou. Cales eran os seus sonhos e a súa loita.



Toda unha xeración foi represaliada por pretender legarnos un mundo mellor, máis equitativo e xusto, onde quen máis tiña non seguise medrando a costa da fame das familias humildes. Soñaron con outro tempo, que aínda está por vir, e pagárono moi caro. Así que ficamos en débeda. Debémolles ás vítimas e ás familias a memoria. Por xustiza. Porque unha vez e outra os organismos internacionais reclámannos verdade, xustiza e reparación. E porque a súa semente loitadora servíranos para construír unha sociedade mellor.

Naquel aciago verán de 1936, o son das gaitas que, instados por Xesús Froiz, os Dezas de Moneixas tocaban nos actos do Partido Galeguista na procura do si para un estatuto que lle dese a Galiza orgullo de seu, foi substituído polos apupos dos falanxistas que lle cortaron a trenza a Dolores Mandayo ou que obrigaron a Pastora e Cándida Cordal bailar espidas nas festas de Corbillón, no municipio pontevedrés de Cambados. Acalaron con terror os berros de loita e asasinaron a música que brotaba das gaitas de Constante Moreda e Manuel del Río Mandayo ou da caixa de José Gómez Avelaira, para impoñer

o silencio ou, aínda peor, para golpear nos unha e outra vez, como o badalo tocando a morto, co relato tramposo.

Hoxe, convocamos ás gaitas do país enteiro, aos bombos, aos tamborís, para celebrar unha Foliada da Memoria en honor a Xesús Froiz, aos gaiteiros e percusionistas asasinados, ás pandereteiras e bailadoras vexadas, e tamén como agradecemento a todas as persoas que durante os anos do silencio mantiveron a salvo as partituras da dignidade, para deixárnolas como legado.

(Se queres saber máis de nós: <https://arquivos.depo.gal/memoria-historica>).

POR QUE FACEMOS A FOLIADA DA MEMORIA?

Con esta foliada queremos homenaxear ás vítimas - non só da nosa provincia senón de todo o país- e recuperar a festa que nos furtaron naquel aciago verán de 1936. Porque pensamos que non hai mellor xeito de lembrar os intérpretes asasinados e as mulleres vexadas que coa súa música. Escollemos a parroquia lalinense de **Moneixas** en honor desa agrupación, Os Dezas de Moneixas, que tantos actos fixo con Xesús Froiz no tempo esperanzador que furtou o golpe de estado franquista.

Quixeron acalar as súas ideas e ata as súas gaitas, pero a agrupación volveu rexurdir e malia os atrancos aínda hai hoxe unha formación que leva por todo o país o nome dos Dezas de Moneixas, con moita xente moza e crianzas que garanten que a memoria ten futuro.

QUEN FORON AS VÍTIMAS?

A represión contra a música adoptou múltiples caras. No referente á música tradicional, houbo gaiteiros e bombeiros asasinados, pandereteiras vexadas, e tamén foi paseado Xesús Froiz, promotor da agrupación Os Dezas de Moneixas e a razón pola que se celebra a foliada na parroquia lalinense.

Del fálanos o historiador Manuel Igrexas:

XESÚS FROIZ (Partido Galeguista)



*“Que hasta os paxaros cantando
i-os rios gurguleando
con gran fincazón,
parece que van pregando
cos dentes richando:
¡Rebelión! ¡Rebelión!”*

O autor destes versos é Xesús Froiz, escritor, xornalista e militante do Partido Galeguista asasinado en 1936.



Xesús Froiz Gómez naceu en Lalín o 25 de agosto de 1903, fillo do xastre Gerardo Froiz, que tiña o seu establecemento na praza da Constitución, e Áurea Gómez. Estudou no Seminario de Lugo, como moitos rapaces sen recursos nesta época. Pero abandonou o seminario por enfrontamentos coas autoridades eclesiásticas, que mesmo o levaron a ser excomungado polo bispo de Lugo, polo que era coñecido polo alcume de “arrenegado”.



Xesús Froiz

As súas primeiras colaboracións na prensa datan de 1923, sempre nos periódicos vinculados ao agrarismo: publicou artigos en *La Zarpa*, o xornal ourensán dirixido por Basilio Álvarez, e colaborou tamén con *Verdad y Justicia*, o quincenal fundado en Lalín por Máximo López Carral e Xesús Iglesias Surribas.

Abandonou o seminario por enfrontamentos coas autoridades eclesiásticas, que mesmo o levaron a ser excomungado

Como poeta, e baixo o pseudónimo de “o cantor do bosque”, publicou nos anos 20 os seus primeiros textos na revista da emigración cubana *Eco de Galicia*, onde apareceron composicións de forte contido social como “Galicia chora”.

Instalado xa en Lalín, casou en 1925 con Asunción Portas, de Moneixas, vinculándose así cos gaiteiros Os Dezas dos que foi promotor e animador. Traballou como axente executivo para o recadador do imposto de Utilidades (o “consumo”).

En 1928 fíxose cargo da corresponsalía de *Faro de Vigo* en Lalín, co que colaborou ata fins de 1929, e desde onde impulsou e promoveu a **Laxeiro** como pintor, facendo que os seus primeiros debuxos apareceran neste xornal. Tamén divulgou as actuacións d’Os Dezas. Realizou desde *Faro* campañas a prol da consecución dun Instituto de ensino medio para Lalín, convencendo á emigración de Bos Aires para que doase, para este fin, o edificio do Hospitalillo.



Colaborou cos republicanos dirixidos por **Manuel Ferreiro** nas súas primeiras campañas de 1930. Coa proclamación da República converteuse en garda municipal, posto no que permaneceu ata agosto de 1934, cando a nova Corporación dominada polo Partido Radical cesou a todos os municipais nomeados por Ferreiro. Seguiu nesta época traballando na prensa local, dirixiu a primeira etapa do periódico *La Nueva España* e formou parte da redacción de *La Razón*, que dirixía o vello amigo retornado de Cuba, **Xesús Iglesias Surribas**. Aquí apareceron algúns dos seus artigos e tamén varios poemas, asinados esta vez co pseudónimo de Recaredo. Unha composición súa dedicada ao aviador Loriga publicouse no libro homenaxe que editou o impresor **Celso Carrón** con motivo da inauguración do monumento en agosto de 1933. Cando en setembro de 1934 se constituíu o Grupo Galeguista de Lalín, ingresou no Partido con outros vellos compañeiros: Celso Carrón, Xesús Iglesias Surribas, Laxeiro, Xesús Golmar...

Ao ano seguinte atopamos as súas colaboracións no xornal do Partido Galeguista *A Nosa Terra*, con poemas e artigos dirixidos ás Mocidades Galeguistas e desde onde propón unha homenaxe a Os Dezas, que consistiría nunha festa coa entrega dunha bandeira galega ao grupo, que sería ofrecida por Castelao e Vitor Casas. Froiz foi o artífice de que os gaiteiros de Moneixas foran por esta época acompañantes de todos os actos do Partido Galeguista. Na campaña para as eleccións de febreiro de 1936 participou con outros compañeiros da Fronte Popular nos mitins da comarca. E en xuño, tamén se dirixiu ao pobo de Lalín para pedirles o SI no Plebiscito do Estatuto de Autonomía.

Tras producirse a rebelión fascista do 18 de xullo e comezar a represión, Froiz é detido -o 4 de agosto- e encarcerano na prisión de Lalín xunto a moitas persoas demócratas. Torturado, permaneceu no cárcere ata que na madrugada do 9 de outubro un grupo de falanxistas e gardas civís o sacaron da cadea xunto ao mestre de Vilagarcía de vacacións na comarca, **Manuel Guillán Abalo**. Coa desculpa dun traslado á prisión de Pontevedra, metéronos nunha camioneta e partiron de Lalín. Da prisión de Silleda sacaron a **Ramón Muíños Lorenzo**, o presidente de Unión Obrera de Ponte. Xa cerca da Estrada, no quilómetro 23 da estrada Chapa-Carril, sacáronos do vehículo e aplicando a tristemente célebre "lei de fugas" foron asasinados xunto a Juan Bacariza Sánchez, Severino García Teijeiro -xulgado tres días antes por ter unha escopeta e absolto- e José Domingo González Boullosa, tapiceiro responsábel das butacas do famoso cine Cervantes de Vilagarcía.

Manuel Igrexas



Entre os gaiteiros asasinados no país atopamos a Constante Moreda, o Gaiteiro de Cabral, asasinado en decembro do 36 no Castro de Vigo, xunto ao seu pai, Manuel Moreda Outeiral, e ao seu irmán, José Moreda Vázquez.

O seu neto, Xavier Moreda, e o investigador Xerardo F. Santomé, achéganos a súa figura no seguinte texto:

CONSTANTE MOREDA (Partido Comunista)

*“O gaiteiro ben lavado,
ben vestido, ben peiteado,
da gaitiña acompañado
já porta está...!Xa...!»*

É esta una cantiga sobre a melodía da “Alborada” de Rosalía Castro, e Lenita, (Elena, filla de Constante) pensaba desde pequena que a propia poetisa lle fixera a letra para el. Como non? Un home garrido. Un gaiteiro sempre ben traxado. Comprometido con todo o mundo e con toda causa que significase progreso para o xénero humano.



Constante Moreda

Fillo de Manuel Moreda Outeiral, o primeiro da descendencia de José Moreda, oriúndo de Silleda. Neto e fillo orgulloso dun matrimonio labrego, que logrou ser un sobranceiro gaiteiro. Colaborou escribindo na *Ráfaga*, un periódico publicado en Vigo, subtitulado como Semanario Satírico, que aparecera o 4 de abril de 1914 e cesara en 1935.

Constante tivo unha grande actividade social e cultural comprometéndose especialmente co seu irmán José e co Partido Comunista, compromisos dos que existen moitísimas referencias na prensa da época.

En Lavadores, agora parte de Vigo, a solidariedade era o máis normal na época, e unhas xentes máis ca outras implicábanse nas asociacións e na cultura. Por exemplo, Urbano R. Moledo, que fora presidente do Ateneo Deportivo Obrero e foi asasinado no mesmo día e lugar que Moreda, no Castro de Vigo, o 10 de decembro de 1936.

A participación en diferentes grupos, o seu compromiso cultural e político, esa mesma vontade de progresar e a pertenza á familia Moreda, fixo que Constante e os protagonistas fosen albo dos falanxistas: dos chamados "camisas novas", dos adventicios chegados ao fascismo para ser conscientemente verdugos, moitos deles "mortos de fame", para vingarse dos dereitos tomados polos que construíran en Cabral e en todo Lavadores un tecido social, cultural e deportivo, inédito, auspiciado por comunistas e socialistas, por xente republicana, respectuosa e consciente, que entendera a importancia de protagonizar a época histórica de maior progreso para o pobo, sen ningún tipo de complexo. E foi ese pobo traballador quen se tornou en protagonista da súa historia.

O 18 de xullo de 1936 foi a súa última actuación, con motivo das festas de Santa Mariña. "O señor Constante - como Matilde (95 anos) mencionou - era unha figura respectada, un home de ben". Ela conta: "O panadeiro, José Mouriño, díxolle ao señor Constante que mandara o fillo Santiago a levar o



pan a Vigo, e el respondeulle que mandara o del. Finalmente, o panadeiro foi o delator culpábel de que o detivesen".

No eido da gaita galega, malia a súa curta vida, poucas persoas poden presumir da súa pegada histórica. Non só a interpretaba senón que tamén arraxaba punteiros e construía palletas e pallóns de alta calidade para os demais grupos e solistas, como así demostran diferentes persoas entrevistadas, entre os que destacamos a Enrique Miloro, caixeiro do barrio de Barreiro, e Martín Piñeiro, dos Pirrallos de San Miguel de Oia.



Constante Moreda, segundo pola esquerda

Ao parecer, os inicios do Gaiteiro de Cabral foron puramente autodidactas ampliados a través do seu vencello ao movemento asociativo coa pertenza, en 1919, a La Artística de Vigo. Con posterioridade, a partir de 1920, incorporárase á agrupación Queixumes dos Pinos, onde compartiu ensinós con outros destacados gaiteiros do mesmo concello como Francisco Sayar, o Neira, ou Isaac Marcuño, entre outros, e cos que mantivo rivalidade como así demostran as diferentes notas de prensa nas que se citan e desafían, derivando na saída do propio Moreda da disciplina desta formación en 1927 para integrarse como director da sección de gaiteiros que acompañarán o coro Airiños do Mar de Teis, pertencente ao Sindicato de Agricultores de Teis do entón Concello de Lavadores. E precisamente deste período son as únicas gravacións sonoras nas que se pode apreciar a mestría interpretativa do noso protagonista, acompañando o coro dirixido polo insigne compositor José Álvarez Olmos. En total cóntase con nove rexistros discográficos: un co selo Odeón, catro con La Voz de su Amo e outras catro con Gramófono. E aínda deberíamos contar coa posibilidade, segundo a súa descendencia, doutra gravación realizada en Bos Aires durante a xeira da Agrupación Lírica Gallega¹ por terras suramericanas de 1933.

Xa a partir de 1924, aparece na prensa como “el laureado y afamado, D. Constante Moreda...” Fama conquistada como solista a base de acadar primeiros premios en diversos concursos; entre os que destaca ter sido o único gaiteiro en gañarlle ao propio Avelino Cachafeiro en competición oficial. Sempre actuou co nome dos Gaiteiros de Cabral en formación de trío acompañado polo tambor de Enrique Alonso, Miloro, e o bombo de Fernando, o Farrapeiro de Candeán. En 1929, despois da actuación dos Gaiteiros de Soutelo nas festas de Bouzas, o tamborileiro convence a Constante para formar, un ano máis tarde, Airiños de Cabral: o primeiro cuarteto de dúas gaitas do sur de Pontevedra incorporando a Vicente Clemata, o Firma, no bombo, e a un novísimo Manuel Oliveira, o Moreno, para facer o dúo de gaitas, quen á súa

¹ Colectivo coral conformado ad hoc por membros de diferentes agrupacións dos concellos de Vigo (La Artística) e de Lavadores (Queixumes dos pinos e Airiños do Mar de Teis), cuxa selección foi feita polo compositor e gaiteiro Ángel Teijeiro, dirixido por Santos Rodríguez e coordinado polo escritor Urbano Rodríguez Moledo, quen tamén foi fusilado no Monte do Castro na compañía de Constante.

vez, despois da marcha para cumprir as obrigas militares, foi substituído por Ángel Barciela, de Candeán.

Como fica dito, a derradeira aparición pública de Airiños de Cabral foi nas festas parroquiais de santa Mariña de Lavadores, o dezoito de xullo de 1936: o fatídico día do Golpe de Estado franquista. Se cadra, o cumprimento deste contrato, xunto ao seu compromiso social e as obrigas familiares e profesionais como “peluqueiro e non simplemente barbeiro”, foron os motivos polos que non puido formar parte da embaixada deportiva e cultural, na que estaba incluído o coro Airiños do Mar de Teis que el co-dirixía, que viaxou a Barcelona para participar nas Olimpíadas Populares alternativas ás organizadas no Berlín nazi daquela época. Unha magnífica ocasión para liberarse da morte fuxindo cara outros países como así fixeron dúcias de participantes.



A derradeira aparición pública de Airiños de Cabral foi nas festas parroquiais de Santa María de Lavadores, o 18 de xullo de 1936

De todos os xeitos debemos ser conscientes de que a ninguén mataron por ser gaiteiro senón máis ben polo seu compromiso e a súa loita a prol da liberdade. Por iso, cando falamos das testemuñas aínda vivas, falamos coa Memoria: a única relación posíbel coa nosa xente morta. Falamos coas persoas asasinadas polo fascismo, vítimas de xenocidio iniciado en Vigo e en toda Galiza o vinte de xullo de 1936. Falamos máis unha vez, coas xeracións que nos precederon, con Constante, asasinado a carón do seu pai, un ancián de

80 anos, co seu irmán José e co seu cuñado Luís Martínez. Antes, o vinte de xullo, o seu sobriño, Lenín Moreda, fillo de José, caera abatido na Porta do Sol, en Vigo. Os asasinados deixan só a dous irmáns: Alfonso, morto no cárcere en Burgos, e Eulogio, que percorreu cinco campos de concentración até chegar a Marrocos. Por outra banda, permítannos lembrar a Doro, o bombeiro dos Gaiteiros de San Xoán do Monte, de Lavadores tamén, que foi asasinado polas hordas franquistas pouco tempo despois do golpe de Estado.

Xerardo F. Santomé e Xavier Moreda

Muiñeira de Moreda

Constante Moreda Vázquez (1894-1919)

$\text{♩} = 121 \quad \text{♩}$



Tamén foi asasinado, José Gómez Avelaira, integrante dos gaiteros de Xinzo da Costa (Maceda), paseado en Sarreaus (Ourense). Del fala o investigador Alberte Pérez:

JOSÉ GÓMEZ AVELAIRA (Gaiñeiros de Xinzo da Costa, Maceda)

“Y aunque alegre danza entone
y dance la turba loca,
la voz del grave instrumento
suéname tan melancólica,
a mi alma revela tantas
desdichas, penas tan hondas,
que no sé deciros
si cança o si llora”

Fragmento de *La Gaita Gallega*
(Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, 1863)





Augusto Gómez Avelaira [Gaita], José Antonio [A Graña, Montederramo],
José Gómez Avelaira [caixa], Fernando Gómez Avelaira [Gaita].

José Gómez Avelaira aparece posando, coa caixa, diante dos bailadores da danza gremial coa que a Unión de Agricultores deleitou o público das Festa Patronais das Neves na Maceda da Segunda República.

Era o maior dos tres irmáns que formaban os Gaiteiros de Xinzo da Costa, como reza o fol da gaita de Augusto. José era o líder do grupo, o que organiza e guía o cuarteto. Cuarteto formado polos tres irmáns Gómez Avelaira [José, Fernando e Augusto] e Samuel Gómez Villar [bombo] veciños de Xinzo da Costa. Esta formación, a primeira dos gaiteiros de Xinzo, é a que lle deu sona en toda a contorna e fixo que a súa música fose demandada en calquera festa que se gabase de selo.

José ademais de músico era agricultor, nado nunha casa grande da aldea de Xinzo, da que aínda se poden ver os imponentes muros da edificación, outra esplendorosa. O cabaceiro no linde pecha a aira onde ensaiaban. Grazas a estes ensaios na aira as paisaxes de Xinzo da Costa tiñan unha fantástica banda sonora.

A súa condición de labradores, levounos a ser o cuarteto que interpretaba a danza gremial da Unión de Agricultores, que se poñía en escena todos os agostos durante as festas patronais. A asociación tiña sede no barrio das Canteiras.

José era amigo de Benigno Álvarez González, líder político provincial e veterinario, e da súa compañeira Enriqueta Iglesias Meana. Benigno chegou a ser Alcalde de Maceda [1931] e o 20 de Xullo articula os comités contra o golpe militar en Ourense. A represión en Maceda e a súa contorna foi increíblemente dura, querían que fose exemplar, tanto a represión paralegal como a exercida baixo a forma de Consellos de Guerra.



As milicias paramilitares comezan a operar en Maceda o 25 de Xullo e aí desátase a procura incansable de Benigno Álvarez, extorsionando e torturando ás súas amizades, como era o caso de José Gómez Avelaira, asasinado o 30 de agosto no lugar de Berdelo, Lodosedo [Sarreaus].

Dende ese momento os gaiteiros de Xinzo da Costa quedan orfos, desnortados... pero o amor á música tradicional fai que o cuarteto continúe coa incorporación do irmán máis novo, Enrique Gómez Avelaira. El levará a responsabilidade de substituír o seu irmán. A marcha de Fernando a Bilbao e Enrique a Venezuela fai que a formación teña numerosos cambios, Augusto, coa gaita ou o requinto, será o referente musical en Xinzo da Costa durante os anos posteriores, sendo a taberna do Manueletas o lugar onde poder gozar da súa música.



Danza das cintas, danza gremial da Unión de Agricultores de Maceda.

Nos anos 50, o Manueletas fíxose cun magnetófono alemán e foi gravando as actuacións que realizaron na taberna e despois da desaparición do grupo, os domingos facía bailes, coa música “enlatada” dos Gaiteiros de Xinzo!

As danzas gremiais remataron en Maceda co fin da II República. Chegou a guerra, chegaron os medos. Coa morte de José impuxéronse os silencios dunha longa noite de pedra na que afogaron as músicas e as ansias de loitar. Pero as danzas dos gremios retornarán e da Terra ben seguro rexurdirán as ganas de, ao son da gaita, festexar.

Alberte Pérez. Maceda. Xuño 2022

Tamén lle gustaba tocar a gaita ao carpinteiro, **Manuel del Río Mandayo**, detido e paseado o 5 de outubro de 1936 en castigo á súa implicación política e sindical. A represión chegou ademais ás mulleres da súa familia. Foron rapadas a súa esposa, **Pilar Navieira**, a súa nai, **Dolores Mandayo Montero**, e a súa irmá, **Maruja del Río Mandayo**. A súa historia foi recuperada e transmitida polo seu neto, Leandro del Río e o investigador de Ordes, Manuel Pazos:

**MANUEL DEL RÍO MANDAYO (PSOE)
PILAR NAVIEIRA GOLÁN
DOLORES MANDAYO MONTERO
MARUJA DEL RÍO MANDAYO**



*“Y allá en lo alto
hay un cadáver
y aquel cadáver de quien será
seguramente será Manolo
que se habrá muerto en la soledad”*

Estrofa de “*Manolo Mío*”, romance tradicional ibérico.





Manuel Del Río Mandayo. Arquivo familia del Río Regos

Manuel del Río Mandayo foi paseado a principios de outubro de 1936. Era ebanista e gaitero afeccionado. Militou nas Xuventudes Socialistas primeiro e no PSOE despois, sendo o primeiro responsábel da agrupación local e da UGT en Ordes. Tras o golpe de Estado de xullo de 1936, formou parte do comité da Fronte Popular. Aínda que non estaba entre as persoas detidas nos momentos inmediatamente posteriores á toma de Ordes por parte de militares, Garda Civil e falanxistas, axiña acudiu a súa casa un integrante da Falanxe para levalo ao cuartel, onde foi torturado.



Manuel del Río Mandayo, sentado coa gaita, xunto á súa muller, Pilar Navieira, no centro da foto. Á da esquerda é a irmá de Pilar, Antonia Navieira, e o home da dereita da foto é un amigo da familia apelidado Del Río Vázquez. Arquivo familia del Río Regos.

A súa muller, **Pilar Navieira Golán**, foi pedirlle axuda ao alcalde que nomearan os golpistas, Arturo Pérez Loureiro, pero non serviu de nada. Manuel foi paseado o 5 de outubro nas inmediacións do cemiterio de Boisaca e soterrado nunha foxa común. Tiña 29 anos. Facía tres semanas que Pilar parira o cuarto fillo, Leandro. A represión sobre a familia non acabou aí. Pilar foi rapada igual que a irmá de Manuel, **Maruja del Río Mandayo**, e a nai, **Dolores Mandayo Montero**. Ademais o seu pai, Ramón del Río Vázquez, pasou agochado un tempo por temor ás represalias.



Manuel del Río Mandayo, arriba á esquerda, e a súa irmá Maruja, primeira pola dereita. Arquivo familia del Río Regos.

“Non estaban conformes os fascistas co sangue vertido nos paseos e fusilamentos. Unha mañá preto do mediodía, para que houbera máis xente mirando, foron buscando polas casas aquelas mulleres e homes que lles parecían que eran máis simpatizantes da República. Algúns mozos, outros bastante maiores. Cortáronlles o pelo a cero e obrigáronos a desfilar polas rúas máis céntricas da vila... De treito en treito, os esbirros armados con fusís cargados, facíanos deterse, a culatazos, para que berrasen ‘¡Viva Franco! ¡Arriba España! e así á ida e á volta’, recollía un parágrafo sobre a represión en Ordes do libro *La IV agrupación del Ejército Guerrilleiro de Galicia*, publicado en 1992 por Edicións do Castro.

“Dolores gardou ata a morte a trenza cortada polos fascistas

Dolores gardou ata a morte a trenza cortada polos fascistas: “Cada anoitecer, antes de deitarse e tentar coller o sono, (Dolores) ollaba aquela trenza e preguntábase de onde viña tanto mal e a onde irían parar os dereitos das mulleres conquistados durante a República (...) A resposta dos vencedores foi o sometemento, a submisión e a imposición ideolóxica do franquismo durante o resto da vida”, recolle Manuel Pazos no artigo *Rapadas, a barbarie nunha trenza de pelo* publicado no xornal *Nós Diario* o 5 de agosto pasado.

Leandro del Río conta que tamén a súa avoa Pilar salvou da barbarie, metidiñas durante anos nunha caixa que tiña ben agochada, as fotos do seu home. Para deixarlhas como legado á descendencia. Nalgunha podemos velo coa súa gaita, a carón dela, que tocaba a pandeireta. Foi o único xeito que tivo o fillo, case póstumo, de coñecer a cara do seu pai. Nunca o esqueceu. Case seis décadas despois, entre 1994 e 2001, recolleu as lembranzas no libro *Memorias dun fillo de paseado* non que nomeaba os verdugos.



Manuel foi perseguido ata despois de morto. O 27 de outubro, tres semanas após o crime, chegaba a orde de busca e captura na que o acusaban de ter formado parte do “movemento revolucionario”. Os que deran o golpe acusaban de rebelión a quen defendera a legalidade republicana, e acababan con tortura e sen pudor co mellor da sociedade. Con quen defendera a música tradicional, a artesanía e a cultura.

Ademais de tocar a gaita, Del Río Mandayo dominaba a talla e o torno. E tiña unha biblioteca coas obras completas de Voltaire e volumes de Quevedo, Ortega y Gasset ou Pondal, entre numerosos libros relacionados co seu oficio.



Manuel del Río Mandayo, á dereita, con traxe tradicional.
Arquivo familia del Río Regos

Din que foron as súas mans de artesán as que fixeron a gaita que o fascismo silenciou para sempre.

Este texto foi realizado grazas ás testemuñas de Leandro del Río e ao labor investigador de Manuel Pazos e Os Viqueiras, recollidos en artigos e publicacións da súa autoría

As cambadesas **Pastora e Cándida Cordal** compartían con Pilar Naviera Golán a afección por tocar a pandeireta. E como Pilar foron vexadas polos falanxistas por estar emparentadas cun home comprometido cos valores republicanos. O seu irmán, Castor Cordal, era sindicalista, e nas eleccións que en febreiro do 36 deran o triunfo á Fronte Popular fora interventor nunha mesa electoral. Tras o golpe agachouse e foron á casa materna buscar por el. A súa historia está recollida no libro *Un cesto de mazás* de Montse Fajardo:

PASTORA E CÁNDIDA CORDAL

*“Esa bailadora que bonita é
debuxando voltas na punta do pé
na punta do pé, na punta do pé
esa bailadora que bonita é”*

Retrouso de “O baile de Noró”



Volveron varias veces e unha noite de agosto metéronse na casa. A Emiliana, á filla máis vella, e a Josefina, que daquela tiña nove anos e era a máis nova, non as molestaron. Pero a Cándida e a Pastora... A elas, que xa eran unhas mozas, sacáronas da cama e obrigáronas a bailar nús mentres Pastora tocaba a pandeireta. Totalmente espidas. Pastora amosara ser unha artista tocando e bailando a xota nas festas de Corbillón. E a irmá bailaba moi ben tamén, cos tangos quedábase soa. Eran dúas morenas moi guapas e eles chegaron e veña a bailar. Obrigáronas a espirse e a actuar na máis macabra das festas.

O seu pai pregaba, facédeme a min o que queirades pero non lle façades nada a elas.

Facían tantas cousas daquela...

Ían a San Miguel, (máis vale non o pensar).

A moza máis guapa que houbo en San Miguel chamábase Pilar, a Chiquitina. Alejandro, o seu pai, tivera que andar agochado e mecheuno ela debaixo do piso. Non había outra máis bonita con aquela trenza de pelo tan longa. Foron todos os falanxistas abusar dela. Co pai debaixo do chan. Contáballo Castor a Dolores:

- Ai Dolores, que din que dezaoiño falanxistas con Pilar... e o pai na casa oíndo todos os ghritos e todo da filla, e a pobriña que non descubriu onde estaba.

Por moito que foron nunca o descubriu. E el oíndo todo o que lle facían. Un home e logo outro, que de tanta aldraxe e tanta pena, Pilar enfermou e morreulle axiña.

E eses homes eran os que agora tiñan bailando nús ás fillas de Castor:

“Facédeme a min o que queirades pero a elas non. A elas non”.

Marcharon, fartos de burla, pero antes esnacáronlle a leira toda que nese agosto estaba chea de sandías. Castor e Dolores necesitaban vender a froiña para mañar a fame de once criaturas pero aquela noite deron grazas de que lle fixeran un estrago na horta e non puxeran as mans noxentas nas súas nenas.

Na pel arrepiada polos ollos fementos.

Fragmento do relato “O pizarrillo na ventá” do libro *Un cesto de mazás*





Pastora Cordal e a súa nai, Dolores Garrido, nos anos 50.
Arquivo familia Cordal

A Castor Cordal e á súa muller, Dolores Garrido, quedáballes aínda o transo peor, o do asasinato do fillo.

Chegaron con pistolas e con cadeas e amarrárono como se levaran un pucho. Trincárono coma un animal e mandárono para o cuarteliño, para o Pazo de Fefiñáns, onde xa tiñan a Ramón Barreiro, o xornalista de Sisán.

De camiño a Fefiñáns pasaron pola casa de Dolores para que soubera que xa lle prenderan o fillo. Nada máis velo chegar foi correndo abrazalo pero non a deixaron. Dun empurrón lanzárona varios metros e caeu ao chan. Unha e outra vez quixo achegarse ao fillo, como a Virxe no Calvario, pero non a deixaron. Castor era alto, corpulento, e tiñano amarrado con aquela cadea cara a súa nai e a súa nai querendo agarrarse a el,

ai meu filliño, deixádeme despedir do meu filliño que mo ides mañar. E el caladiño como un piño, que ía dicir se xa sabía o que lle esperaba?

Nesas chegou o pai. Que pasou Castorciño? Non o deixaron avanzar máis. Tiraron con el e ao caer abriu a cabeza contra o chan. Sangraba tanto... e a súa nena de nove anos mirando, e Dolores berrando: Onde levades ao fillo? Non me mañedes ao fillo!!! Non me mañedes ao fillo!!!! Andaron a trompicóns con eles. Metéronos a todos na casa. Si gritais, váis con él. E coa mesma vengá, vamos, xa llo levaron.

Non o viron nunca máis.



Fragmento do relato "O pizarrillo na ventá" do libro *Un cesto de mazás*

A casa de Castor foi sempre unha casa chea de risas, de contos, de música, pero a partir de aí, reinou o silencio. Logo da morte do fillo, Dolores non podía soportar escoitar o son da festa e cando chegaban as celebracións patronais, collía unha cesta e levaba toda a familia ao monte, lonxe do balbordo.

Mais as xeracións seguintes recuperaron o son perdido. O seu bisneto, Tino Cordal, lembra volver ver a Pastora e Cándida, xa maiores, logo da morte da nai, arrancarse coa pandeireta nun Nadal. E o seu avó. E o seu pai. Porque por moito que o intentaron, a música e a memoria aferráronse á Terra ou resoaron alén do mar. Na Bos Aires que veu nacer "A Rianxeira", unha das nosas coplas máis cantadas, creada como homenaxe ao noso exiliado máis internacional, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Ata esa Bos Aires viaxou coa súa gaita Amador Rodríguez Solla, logo dun periplo de condenas a cadea perpetua, fugas do cárcere e resistencia. Coñecemos a súa historia grazas ao historiador Xosé Ramón Paz Antón:

AMADOR RODRÍGUEZ SOLLA “TARZÁN”

*“Moito me gustas rianxeira / que estás eiquí na
Arxen(t)ina
verche cantar e beilar-e / coma alá na terra
miña. (bis)”*

Fragmento da “Rianxeira” orixinaria, tal e como foi rexistrada na Arxentina



Amador Solla era de Salceda de Caselas e cando foi do golpe tiña 27 anos. Casado con Filonina Juste e pai de cinco criaturas, traballaba de carpinteiro pero o que máis lle gustaba era tocar a gaita, como líder dunha agrupación que levaba o seu nome.

Foi coa gaita que se exiliou a Arxentina, fuxindo daquela ditadura que o condenara a cadea perpetua. Detivérono no Porriño por participar na férrea resistencia ao golpe orquestrada no entorno da Volta da Moura, e aínda que logrou fugar e chegou ata as ourensás serras de Manzaneda, detivérono de novo e foi trasladado ao cárcere de Tui. A sentenza chegou o 24 de novembro de 1936, e dous meses despois, o 19 de xaneiro, ingresou no Forte de San Cristóbal, o duro penal navarro con cárceres como tumbas, construídas en ocós subterráneos.



Foi ao lograr escapar de novo, na famosa fuga de presos do 22 de maio de 1938, cando Amador gañou o alcume de “Tarzán”. Ducias de presos foron abatidos ou levados de novo ao presidio de Ezkaba nas primeiras horas, mais el logrou permanecer agochado ata mediados de agosto. Foi o último dos 795 evadidos en ser capturado.

Unha ferida de bala na perna impediulle intentar salvar os corenta quilómetros que separaban Ezkaba da fronteira francesa, así que buscou acubillo preto do penal, a escasos catro quilómetros. E tan preto non buscaron. Sobreviviu tres meses comendo caracois ou herbas e bebendo auga da chuvia, ata ser descuberto por uns cazadores, o 14 de agosto, e reingresado en prisión. Sometérono a un novo consello de guerra polo intento de fuga pero dous anos despois, o 12 de agosto de 1940, conseguiu a liberdade condicional, que tras un novo paso por prisión acabaría sendo definitiva no inicio do verán de 1942.

Gardou a memoria oral que cara 1945 volveuse escoitar na Vendanova “o Gaitero de Solla”. Amador tocaba a gaita xunto a José Pérez Gil, o Cociñeiro,

e o Saltón nos clarinetes, José Caballero no bombo, e na caixa Luís de Farrapeira, que era quen puña a casa para os ensaios ata que quixo buscar mellor vida na Arxentina. Tamén o fixo Amador, logo dunha década intentando saír adiante naquela Galiza triste de posguerra.



Amador Rodríguez Solla. Arquivo Paz Antón

En 1952 cargou a súa gaita ao lombo e marchou a Bos Aires, a cidade onde nacera "A Rianxeira", cando o presidente do Consello de Galiza no exilio aínda soñaba con regresar a unha Terra liberada de fascismo. Naquela altura, xa estaba Castelao enterrado no cemiterio da Chacarita e o soño da democracia permanecera adiado.

Amador, coa gaita ao lombo, volveu á Terra con 84 anos e aquí morreu no 2006.

Este texto foi realizado grazas ao labor investigador de Xosé Ramón Paz Antón, recollido en publicacións da súa autoría



“En Bos Aires naceu
“A Rianxeira” cando
Castelao aínda soaba
con regresar a unha
Terra liberada do
fascismo

A REPRESIÓN AFECTOU SÓ A INTÉRPRETES DE MÚSICA TRADICIONAL?

A represión non afectou só á música tradicional. Tamén houbo integrantes de bandas e intérpretes de música clásica asasinados, encarcerados ou obrigados a tocar toda a noite no palco da festa ata rebentarlles os beizos, como lle pasou en Cangas a **Carlos Palacios**. E houbo estudosas como **Sofía Novoa** que foron empurradas polo franquismo ao exilio. Conta o profesor Ricardo Gurriarán que Novoa iniciara a súa carreira musical en Vigo e que en 1925 rematou con premio extraordinario a carreira de Solfexo, Harmonía e Piano en Madrid, onde exercería como profesora de Música e de Historia da Música tanto na prestixiosa Residencia de Señoritas, onde dorme durante a carreira, coma no Instituto Escuela. En 1936 consegue unha bolsa da Junta de Ampliación de Estudos para formarse en París, Fontainebleau e Xenebra durante tres meses. Pero o golpe desbarátalle os plans e en 1937 embarca cara ao exilio mexicano coa súa compañeira, María de Maeztu, fuxindo dun-



Sofía Novoa

ha ditadura onde non tiñan cabida mulleres tan afastadas do rol franquista. O maxisterio, tamén na música, padeceu a barbarie dos inimigos da cultura.

A listaxe do resto de vítimas mortais relacionadas coa música inclúe a **Gerardo López Castaño**, veciño de Crecente, en Sarria, executado en Lugo na data temperá do 21 de setembro de 1936. Tamén a **Victorino Gómez Álvarez**, de Carballeda de Avia, en Ourense, condenado a pena de morte “por rebelión militar” e executado no Campo de Aragón o 30 de xaneiro de 1938. Ou a **Ramiro Rodríguez Gutiérrez**, mestre da música de Castro executado en Lugo o 11 de outubro de 1937. Tiña 45 anos e era da localidade lucense de Paradela.



José Fernández Vázquez, veciño de Leiro, en Miño, foi asasinado en San Fiz (Monfero), cando a guerra civil española estaba a piques de rematar, o 17 de febreiro de 1939. E por alistarse no bando republicano foi condenado a morte e asasinado, o 6 de xullo de 1938, o músico de Viveiro **Amador Ortega Sánchez**, mentres que **Amandino Neira Fernández**, que era de Ortigueira, perdeu a vida nunha batida contra os fuxidos que logo da derrota resistiron no monte. Era o 1 de xuño de 1939 cando unha bala lle esmagou o cranio en Meán.


A **Manuel Seoane**, un rapaz de vinte anos do proletario barrio coruñés da Silva que ía camiño de se converter nun gran violinista, asasinárono os falanxistas por ser das Juventudes Libertarias, tal e como recorda Dionisio Pereira. E grazas a Pontevedra nos anos do medo, o blog —logo recollido nun libro— do historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro, sabemos tamén do asasinato, en outubro de 1936, de **Raimundo Rodríguez Neira**, que tocaba o bombardino na banda de música municipal de Pontevedra. **Eligio Rey** facía o propio co clarinete na banda de Ponte Sampaio e a súa historia é recollida por Luís Bará en Non des a esquecemento, blog cuxo contido tamén se recolle no libro do mesmo título. Eligio era canteiro, sindicárase con outra veciñanza de Vilaboa, e pagou a súa implicación nos dereitos da clase traballadora e na

defensa da legalidade republicana coa morte. Foi fusilado o 2 de marzo de 1937. Con el saíra cara a Pontevedra, o 20 de xullo do 36, para protexer o goberno civil, **Tucho García**, veciño tamén de Paredes. Non chegaron á capital pois de camiño xa lles dixeron que estaba en mans dos golpistas. Mais iso non evitou a persecución. A implicación de Tucho coa Sociedade Agraria fixo que os falanxistas foran por el e se salvou a vida foi por estar case tres anos metido nun tobo que a súa muller, Susa Valladares, lle construíu na corte das vacas. Era un cadaleito en vida pero salvouno da morte, mais non de que un día un daqueles falanxistas levase o seu fiscorno. Porque ata a música querían roubarlles.

Ademais dos paseos e os fusilamentos, a nómina de mortes incrementouse coas innumerábeis que tiveron lugar a consecuencia de doenzas contraídas no cárcere. Como exemplo, o veciño de Bilbao **Juan Montes Gorostiaga**, que faleceu de caquexia seis meses despois de rematado o conflito bélico. Os seus 65 anos non soportaron as condicións infrahumanas nas que vivían na prisión de Celanova.

Máis cruel se cabe foi o final do músico vigués **Benedicto Pedreira Puentes**. O seu parte recolle que faleceu no campo de concentración de Camposancos (A Guarda), debido a unha embolia gasosa provocada por ántrax gangrenoso. Era o 6 de maio de 1939. Tiña 23 anos.

Por José Luís Dopico coñecemos tamén o terríbel martirio padecido por **Higinio Cambeses**, compositor e director, entre outras, das bandas de Viveiro, Cuntis ou Padrón. Fora candidato do Partido Radical Socialista e tras o golpe padeceu tantas detencións, malleiras e sancións laborais e económicas que acabou con manía persecutoria e quitouse a vida en 1949.



Higinio Cambeses

Tamén padeceu cárcere e represión económica **Ismael Costas**, veciño da canguesa parroquia de Coiro e director da banda de música de Moaña. Condenárono a vinte anos, logo conmutados a catro, e xa en 1940 a pagar 110 pesetas, das de entón, en aplicación da "Ley de responsabilidades políticas". Faleceu ao ano seguinte.



Ismael Costas, director da banda de música de Moaña.

Na foto de grupo está situado á esquerda na fila de abaixo. ARMH 28 de agosto

Luis Brage Villar, nacido en Compostela pero residente en Ribadavia, foi condenado a morte, logo conmutada por cadea perpetua, igual que o tudense **Tiburcio Rodríguez González Páramos**. Estaba en Santander cando foi o golpe de Estado, combateu no exército republicano, resultou ferido e, cando rematou a guerra, foi xulgado en Asturias. Tamén lle caeu a cadea perpetua a **Juan Gómez Alfaro**, nacido en Mondariz pero residente en Mieres. Alí o sorprendeu o golpe, alistouse como voluntario no exército republicano e, tras ser ferido de gravidade, sometérono a consello de guerra co resultado da condena máxima de reclusión, a mesma que lles foi imposta ao veciño de Teis **Antonio Davila Fernández** e a **Antonio López Salorio**, que ata 1939 permaneceu agochado na súa casa das Viñas, en Betanzos. Ao veciño de Irixoa **José Varela Fernández, Cerello**, condenárono a 15 anos, e a **Jesús López Varela**, integrante da Sociedade Obreira de Paradela, en Lugo, a 12, por poñer apenas uns exemplares.

Na listaxe do programa universitario Nomes e Voces, auspiciado desde a Dirección Xeral de Cultura no goberno do bipartito autonómico, recóllese outra **ducia** de músicos obrigados a comparecer ante un xulgado, acusados de apoiar a legalidade republicana, coma o veciño de Pontedeume **Jesús Piñeiro Allegue**, inculpado en causa militar por rebelión. Ou **Manuel Fernández Otero**, de Pereiro de Aguiar, a quen xulgaron en Ourense por “xuntanza clandestina e berros”. Acabou absolto, igual que o cambadés **Francisco del Río Chaves**, profesor de orquestra e integrante da banda municipal de Xixón, xulgado en Asturias tras a caída da Fronte Norte; que **Claudino Pérez Naval**, de Oira (Ourense), ou que o músico estradense **Manuel López Beade**, aínda que este foi obrigado a alistarse no bando franquista. Pola súa parte, **Manuel Misa Rodríguez**, de Nigrán, foi, tras a absolución, posto a disposición do gobernador militar. Tamén foi absolto o veciño de Barallobre, **Francisco Cupeiro Ferreiro**, que aos seus 19 anos formou parte da tripulación do buque Cartagena.



Queremos ter tamén un recordo especial para o violonchelista catalán **Ricard Boadella i Sanabra**, que o franquismo pechou no campo de concentración de Rianxo tras ser detido pola Gestapo, a policía nazi, acusado de atentado contra a embaixada de España. Conta o xornalista Suso Souto no artigo “El músico que Franco encerró en Rianxo” de Faro de Vigo que chegou a dar concertos na igrexa parroquial de Santa Comba de Rianxo. Chegara á localidade trasladado desde o cárcere da Coruña, onde estaban outros intelectuais cataláns coma o arquitecto Jordi Tell, o xornalista Jaume Gascón, o xadrecista Miquel Albarela ou o xeólogo Carlos Auernheimer. O fascismo contra a intelixencia.

Defende Souto que puido ser a súa habilidade co violonchelo o que lle salvase a vida pois o abade do campo de concentración, José Benito Fariña Garabán, gustaba de levalo ao templo a amenizar a liturxia dominical en compañía dos cregos José Pérez, que facía de organista, e José Sánchez, que cantaba con voz tenor. Mesmo lle pagaron dez pesetas por tocar nun funeral que o concello lles ofreceu “aos caídos” na Semana Santa do 39. Seguro que as notas de Boadella estaban dedicadas a toda a xente que os novos donos das vidas asasinaran por defender as liberdades e os dereitos do pobo sometido.



Ricard Boadella

“A súa habilidade co violonchelo puido salvar a vida a Boadella, levado a amenizar a liturxia dominical

QUEN MANTIVO ACESA A TRADICIÓN EN MONEIXAS?

Non queremos chegar ao final deste pequeno repaso pola represión contra a música no noso país sen un berro de esperanza. Malia o terror e o silencio impostos, os seus sons permaneceron e convertéronse en válvula de escape para os presos amoreados no Upo Mendi, o buque convertido en prisión. Ou en consolo, nos beizos das madrugadas que lles levaban comida e roupa, como facían cos compañeiros retidos na illa de San Simón.

A música foi tamén berro de loita, de denuncia, e as xentes de ben apañáronse para transmitila de xeración en xeración ata a morte do ditador e ata os nosos días.



Os Dezas de Moneixas son un exemplo. Aquela primeira agrupación que acompañou a Froiz nos mitins de persoeiros tan senlleiros da nosa historia coma Castelao mantívose durante décadas malia os paróns de dor e silencio. E aínda hoxe é ese o nome da agrupación da parroquia, que con outras fórmulas e desde logo outras xentes agrupa a varias xeracións de intérpretes.

Pero deixamos que sexa José Iglesias Fernández, descendente da familia González, fornecedora daquela primeira agrupación da que partiron varias xeracións de músicos e bailadoras, quen poña o punto final a este paseo pola memoria, con vellas lembranzas dos Dezas de Moneixas:

A HISTORIA DOS DEZAS DE MONEIXAS

*“A coitada entre queixas decía:
Xa no mundo non teño a ninguén,
Vou morrer e non ven os meus ollos,
Os olliños do meu doce ben.
Os seus ecos de malencolia,
Camiñaban nas alas do vento
I o lamento repetía
Vou morrer e non ven o meu ben”*

Estrofa de “Unha noite na eira do trigo”, musicada por José Castro González, Chané, a partir da cantiga de Curros Enríquez



Vaia por diante que eu non son ningún experto na historia destes inmensos gaiteiros, pero aválame o ser sobriño do caixa Manoliño e da súa dona, a miña tía Sara, e, por lei de vida, curmán da súa descendencia, na que houbo fillos (Mario, Luís e Alfonso) que tamén tiveron moito que ver nos derradeiros anos do grupo dos Dezas.

A miña historia paréceme que non vai moi desencamiñada do que foi a realidade e, segundo se conta, foi o cura párroco de Moneixas, D. Andrés Cajide, alá polo ano 1920, o que xuntou parte de mocidade da parroquia para ensinarlle as cousas máis elementais da música, a educación da voz e a aprendizaxe de instrumentos como a gaita, guitarra, pandeireta... O motivo principal era o entretemento, pero, como sempre pasa nestes casos, a cousa derivou nun grupo de gaiteiros xunto con unha ou dúas parellas de baile e canto.



O grupo, na súa primeira formación, estaba composto polos gaiteiros Xosé Benito, Darío, e Amancio González, na caixa Celso González, na pandeireta Manoliño e Luís Portas no bombo. Complementábanse cun grupo de canto e baile formado, ademais de polos gaiteiros, por Laureano, Isaura e María González. Como se pode ver polos seus apelidos o grupo era moi familiar, formado por irmáns, irmás, curmáns e curmás.

“Foi o párroco, D. Andrés, alá polo 1920, o que xuntou parte da mocidade para ensinarlle as cousas máis elementais da música



Arriba, de esquerda a dereita: Amancio González (morto na guerra),
Luís dos Campos, Claudio do Empalme, Celso e Darío de Cobas.
Abaixo: Laureano, María de Reghoufe, Isaura e o meu tío Manolo

Durante a República, Os Dezas eran xa uns grandes da música galega e tiñan un prestixio gañado a través de toda Galicia. Actúan no ano 1933 no San Froilán de Lugo, xunto aos Gaiteiros de Soutelo de Montes, e percorren a meirande parte do país facendo actuacións.

O historiador Manuel Igrexas deixa patente nun dos seus artigos a vinculación dos Dezas co Partido Galeguista:

“Os membros do grupo afiliáanse ao Partido Galeguista o 27 de febreiro de 1935. Pero non son uns simples militantes, pois as súas actuacións eran sempre presentadas por membros do PG. Tamén hai que sinalar que na home-

naxe que o Grupo Galeguista de Lalín lle fixo a Loriga, ao cumprirse un ano da inauguración do seu monumento, participaron e actuaron Os Dezas. E na velada da despedida aos membros do Seminario de Estudos Galegos, logo da súa estada en Lalín en 1935, presentados por Manuel González.

Esta vinculación vese subliñada en varios artigos de apoio ó labor dos gaiteiros, aparecidos no xornal *A Nosa Terra*, semanario do Partido Galeguista, no mesmo ano 1935, e asinado por militantes de Lalín como Fernando Goyanes (Ánimo Dezas) e o mesmo Manuel González. Nun artigo de Xesús Froiz, publicado en setembro, este anuncia a todos os Grupos do Partido e ás Mocidades Galeguistas, a organización dunha homenaxe aos Dezas, que consistiría nunha festa coa entrega dunha bandeira galega ao grupo. Propón que sexan Castelao e Vitor Casas os que fagan o ofrecemento, porque di, son moi admirados polos gaiteiros. O Grupo Galeguista de Lalín, daquela presidido por Enrique Vidal Abascal, inicia a subscripción para a bandeira con cinco pesetas. Os propios gaiteiros sosteñen un anuncio en *A Nosa Terra* no que ofertan a súa actuación como grupo enxebre con este texto dirixido á militancia galeguista:

IRMÁNS: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixés de chamar os Gaiteiros «OS DEZAS» de Lalín-Moneixas (Pontevedra) CANTO PROPIO. PAREXAS DE BAILE. CADRO DE DECLAMACIÓN.

Unha das últimas actuacións das que temos noticia no período republicano foi a que fixeron no mitin do Partido Galeguista da Estrada, o 12 de xaneiro de 1936. Os Dezas deron antes do mitin un concerto de música popular, e despois das intervencións de Ramón de Valenzuela, Alexandre Bóveda e Castelao, o coro e os gaiteiros interpretaron o Himno galego e outras pezas”.



Laureano, Amancio, Manolo, Xosé Benito e Darío de Cobas

Durante a Guerra Civil o grupo leva un duro golpe ao morrer Amancio. As actuacións vense afectadas polo desastre da guerra. Nestas datas Darío convértese nun virtuoso da gaita e Xosé Benito dedícase aos arranxos e composición de obras para os gaiteiros, entre as que destaca a "Marcha de procesión". Co andar do tempo tamén participarían nos Dezas Manuel e Julio González, fillos de Darío, así como Félix, fillo de Xosé Benito.

Sobre Xosé Benito vou poñer unha nota que escribiu a súa neta Carmen Balonedo ao cumprirse os cen anos do seu nacemento:



Na emisora de Radio Voz de Lalín están Celso, Mario, Manolo, Xosé Benito e Darío

"Hai hoxe cen anos nacía en Moneixas Xosé Benito González, o máis vello de oito irmáns que, pasados os anos, se converterían nunha saga musical de Lalín. Xosé Benito aprendeu de neno o oficio de seu pai, zapateiro, pero no 1920 entraba a formar parte dun grupo de catro guitarras e catro bandurras de man do cura da parroquia. Como queira que naqueles anos non había cartos para amañar as cordas que se estragaban, fixeron unhas gaitas: do 1920 a 1923, cun mestre do Carballiño, formaron o grupo Os Dezas, que tocaron no recibimento ao aviadador Loriga na súa aterraxe no monte do Toxo no ano 1927. A emigración levouno en 1930 a Cuba, onde se fixo cargo da zapatería do seu pai. Aos catro anos regresou a Galicia, compaxinando o seu traballo como zapateiro coa súa paixón pola música".

A súa neta subliña tamén a tarefa como compositor, con temas como o pasodobre "Lalín" e a "Marcha procesional de San Benito". Esta última peza sería gravada, anos máis tarde, polo grupo Milladoiro, e Carmen lembra a satisfacción que tivo Xosé Benito cando veu actuar en Lalín o famoso grupo interpretando a súa composición.

No ano 1963, coa morte de Darío, e pouco despois a de Luís Portas, dáse por rematada a primeira etapa dos Dezas de Moneixas.



Xosé Benito, Manolo de Freixeiro, Ismael do Empalme, Alfonso, Mario e Laureano

A partir do ano 1965 comeza a segunda etapa, que segundo moitos entendidos da música galega (Antonio Santalices, Castro de Santana...) foi moito máis prolífera aínda que a primeira. Esta nova etapa estaba formada por Xosé Benito, Ismael, Manolo de Laro, Manoliño, Laureano e Mario, fillo de Manoliño. Mais, ocasionalmente, tocaron tamén Alfonso e Luís, irmáns de Mario. A calidade musical do grupo lévaos a actuar fóra de Galicia, viaxando durante anos a Madrid, Asturias, Valencia, sobre todo nos anos 60. En 1968 tocaron durante dezoito días na Casa de Campo de Madrid.

Durante esta nova etapa xa non teñen o grupo de baile e as cancións interpretábanas os propios gaiteiros, colaborando con eles nalgunha ocasión a contralto Amalia González, o que facía dos Dezas un grupo de enorme calidade. Algunha vez teño escoitado na casa dos meus curmáns de Moneixas unha gravación de Xosé Benito cantando "Unha noite na eira do trigo" e de verdade que nunca esqueceréi aquela voz e a súa maneira de cantar.



Outra actuación dos Dezas de Moneixas

Transcorría o ano 1974 cando o grupo recibe un duro golpe ao morrer Manoliño, e na década seguinte farao tamén Laureano. Xosé Benito González finou o 23 de febreiro de 1990 na súa casa de Moneixas.

O seu irmán Claudio González foi director da banda de Lalín; outro irmán, Julio González, director da orquestra Caracas; e Ismael e Darío foron compoñentes dos Dezas, coma os seus primos Laureano e Manolo, e os fillos deste último, Mario e Alfonso, segundo subliña Carmen Baldonado, orgullosa da historia desta saga musical.

José Iglesias Fernández



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



0 pasado por vir